

## FIRMADO UN ACORDO CO SERGAS QUE ELIMINA OS CONTRATOS-LIXO EN ATENCIÓN PRIMARIA E CREA MÁIS DE 750 POSTOS DE TRABALLO FIXOS

A CIG suscribiu onte un acordo co Sergas para regular a atención das urxencias extrahospitalarias, modificando o actual sistema baseado na realización obrigatoria de gardas e na precariedade da contratación de persoal por horas. O acordo representa **tres logros fundamentais**:

1. a constitución de **93 PACs como dispositivos específicos** para atender as urxencias extrahospitalarias, dotados de **persoal e prazas tamén específicas** para esa función, que traballarán con carácter xeral a partir das 3 da tarde ata as 8 da mañán durante a semana e as 24 horas os domingos e festivos
2. a **eliminación dende abril dos contratos de reforzo** (auténticos contratos-basura por horas, a un precio inferior á hora ordinaria, sen dereitos laborais) e a súa substitución por **prazas fixas de médicos e de enfermería** de nova creación, nun número que estará **entre as 750 e as 900** nos anos 2005 a 2007
3. a **eliminación das horas extras obrigatorias**, xa que as **gardas** do persoal médico e de enfermería de primaria deixarán de ser obrigatorias e pasan a ser voluntarias.

Con este acordo se culmina máis dun ano de negociación e se **consigue unha vella reivindicación de rematar coa precariedade** en atención primaria, sendo así Galicia a primeira Comunidade Autónoma de todo o sistema público de saúde que elimina a utilización do contrato de reforzo.

Igualmente, consolida o **dereito dos médicos e da enfermería de primaria a non realizar excesos de xornada laboral de forma obrigatoria**, aspiración que xa dera lugar a un longo conflito en primaria no ano 99 e que agora por fin faise realidade.

Ademáis, **erradica definitivamente as propostas máis temidas e máis contestadas realizadas pola Consellería** e polo Sergas neste ano e medio: primeiro co proxecto de subcontratar as urxencias e o seu persoal co 061, e despois coa pretensión de pechar os actuais PACs (Puntos de Atención Continuada) entre as 3 da tarde e as 10 da noite e obrigando ao persoal das consultas ordinarias a facerse cargo tamén de todas as urxencias en horario de tarde. Esta última proposta motivara a convocatoria de **mobilizacións** por parte de CIG-Saúde nos meses de xaneiro e febreiro, ata que foi finalmente retirada da mesa negociadora.

Este acordo, suscrito ademáis por todos os sindicatos representados na mesa negociadora, é un éxito da **firmeza das ideas que viñemos defendendo** nestes anos sobre a organización da atención das urxencias en atención primaria baseada na creación de dispositivos e de persoal específico para esa actividade asistencial, e derroga a regulación básica que sobre este tema estaba vixente dende o ano 95 (a través do decreto 172/1995, de urxencias extrahospitalarias).

Gregorio Espino, 47  
36205 VIGO

Tfnos: 986 262 679  
986 827 968  
986 827 969

Fax: 986 262 781

Correo-e:  
[executiva@cig-saude.org](mailto:executiva@cig-saude.org)  
Web:  
[www.cig-saude.org](http://www.cig-saude.org)

Vigo, a 9 de marzo de 2005

Asdo/ Xoán Cons  
Secretario Xeral CIG-Saúde